

### ***9M: voto económico, voto político e voto estratéxico***

Fermín Bouza

#### ***Os feitos***

O dilema que eu matinaba para estas eleccións sobre a maior ou menor probabilidade do dominio dun dos dous tipos de voto, o económico e o político, resolveuse, probabelmente, a favor do voto político co engadido do voto estratéxico (voto á contra do PP para fortalecer ao PSOE). A mobilización do electorado do PP, que foi esencialmente política (terrorismo, unidade de España, inmigración...), foi respondida por outra non menos política pero de xeito estratéxico (*parar á dereita*) en outros (IU e demais damnificados destas eleccións), ao que hai que sumar o voto PSOE normalizado (económico e político). Todas esas mobilizacións conseguiron pór a participación a altos niveis (75,32% de voto emitido, a falta dos votos exteriores) para dar un resultado en absoluto imprevisíbel, que foi unha vitoria do PSOE ampla e suficiente (a 7 escanos da maioría absoluta) que ademais aumenta a súa porcentaxe sobre voto válido. O PP apúntase unha grande mobilización de voto propio en Madrid (aquí da un escano a UPyD cos seus votos, maioritariamente), Valencia, Murcia e Andalucía, aumenta en votos, escanos e porcentaxe, pero non consegue gañar nin, polo tanto, entrar con maioría sobre o PSOE no voto de centro-esquerda, lugar este no que ten que ir diante para gañar unhas eleccións xerais. E dicir: o PP ten un problema de estratexia, un problema de política de partido de cara a unha parte decisiva da opinión pública. O PSOE acumula vellos problemas: Valencia, Madrid ou Murcia, seguen lonxanas en escanos á chamada socialista, anque o

PSOE amósase capaz de medrar en Euskadi, Cataluña ou Galicia, entre outros sitios. Unha Galicia, por certo, na que o BNG da serias mostras de ter un electorado moi estábel capaz de soportar as tendencias de concentración de voto e mesmo de incrementar o seu nestas difíciles condicións.

Haberá que agardar ao poselectoral do CIS para coñecer a *matriz de transferencias de voto*, pero polo que indican algunha destas matrices feitas con outras enquisas, o PSOE absorbe moito voto de IU e pouco (moi pouco) de ERC, que reparte o seu voto xenerosamente, amais de ao PSOE, a CIU, a IU e á abstención. Tamén deben ceder ao PSOE (non teño aínda constancia empírica) algúns pequenos partidos (con escano ou sen escano) como a Chunta Aragonesista e outros menores. E dicir: concentración de voto pola esquerda, algo menos pola dereita, que ten menos que xuntar (PP cede algo a CIU e moito a UPyD, que consegue un escano en Madrid coa maioría de votos do PP, case cen mil, segundo as matrices coñecidas).

### ***As consecuencias***

Cando escribo esta liñas xa Rajoy confirmou a súa candidatura para o congreso do PP e, polo tanto, para a presidencia do goberno nas seguintes eleccións. Nas vésperas, diversos portavoces oficiosos do grupo de Esperanza Aguirre, así como algunha prensa (El Mundo, El Imparcial...) e algunha televisión (TeleMadrid) xa trataban a Rajoy coma a un dacáver político. Algúns ata o insulto (TeleMadrid).

A rapidez coa que Rajoy proclamou a súa vontade de presentarse como candidato debe ter que ver con toda esa movida do sector aguirrista (o sector de Gallardón semella estar completamente desactivado, de momento), que comezaba a se mover sen “cortarse un pelo” e sen piedade algunha. Correron os baróns á capital e axudaron a Rajoy a saír do cerco capitalino a mans da tropa de Esperanza. Polo de agora a situación está superada. Pero é isto así realmente? Se

os problemas do PP son de fondo, aínda non houbo autocrítica política algunha, apenas a petición de relevo do adestrador/candidato Mariano Rajoy.

A tentación de interpretar estes resultados en clave positiva netamente, e deducir que a estratexia seguida foi a correcta, é un risco que non só corre o PP: e un risco para todos nos, porque outra lexislatura coas mesmas endóminas (teimas repetidas ata a fartura) non pode ser para nada bo, porque este país complexo non pode aguantar unha tensión excesiva e permanente sobre os temas máis quentes e sensíbeis. Creo que o PP debe saber algunhas cousas evidentes, díganlle o que lle digan os seus arúspices, que xa amosaron escasa ciencia: non gañarán sen o voto do centro-esquerda, non gañarán asustando á xente, non gañarán exaxerando e mentindo, non gañarán se amosan esa faciana de destripar roxos e de aplaudir os disparates dos bispos. Así non poden gañar, pero poden levar ao estado a unha situación límite.

Tampouco é normal que un partido de estado que quere gobernar non teña apenas representación en Euskadi ou en Cataluña. Iso e unha grande carencia do PP, e iso e o signo tamén dunha relación moi deteriorada cos electorados deses países periféricos e difíciles. Pode ou debe gobernar así o PP? Tería que pór en cuestión moitos dos seus mitos máis inútiles e desestabilizadores (*España se rompe*) e darlle un contido debatíbel as súas queixas, que poden ter un lado racional, pero que amosan un xeito pouco tranquilizador para todos.

Para cando, insisto, unha dereita homologábel? Ese é o reto que ten o PP diante dos electorados que lle son menos propicios, pero cos que hai que contar sempre.

O PSOE/goberno recibe un premio que puido ser moito maior se nestes catro anos tivera feito unha comunicación pública máis adecuada á situación, máis intelixible, máis precisa. Non foi así. As mensaxes do Goberno foron con

frecuencia escasas, inintelixibeis, paradóxicas, ao carro do PP (seguidistas), inadecuadas ou sinxelamente malas, a secas. Dese xeito, o goberno deu con frecuencia unha imaxe de illamento e confusión que non era real, pero era interpretada como real por moita xente.

Agárdalle ao PSOE un novo tempo que podería ser unha repetición do vello tempo: crispación, insultos, radicalización....Ten enfronte unha forza que non semella que vaia renovarse, e se non o fai, a súa estratexia será unha copia dos últimos anos. Quizais non sexa así, pero se é así o PSOE debe ter informada permanentemente á xente de todo o seu traballo e saír ao paso de todas as cousas que o PP pon en circulación un día si e outro tamén. O peor destes anos e que aínda hai xente que cree que as bombas do 11M as puxo Zapatero, e que o propio Zapatero fixo non se qué concesións aos terroristas, e todo elo mentres un fantasmal Pacto do Tinell (outra anécdota magnificada: outra mentira circulante) pecha o paso ao PP a calquera sitio ou institución. Así, un terrorista ocupa a praza de Presidente do Goberno apoiado por “basura” (Losantos *dixit*), e por se fora pouco, trata de adoutrinar aos nenos para facelos terroristas a través da “Educación para la Ciudadanía”. Terroristas, ateos e masóns. Todo isto estivo por aí circulando sen que o PP movera un dedo para racionalizar esas mensaxes entre a súa militancia mais mesta. Ao contrario, o propio candidato Rajoy repetiu algunhas destas cousas nos debates electorais.

Forzas importantes como ERC teñen diante unha tarefa non menor: a política e estratexia, porque é a arte do posíbel. Cando a estratexia e a espontaneidade dos obxectivos máximos se confunden acábase a política e nace un xeito de voluntarismo que non leva a nada bo. Unha importante porcentaxe dos seus votantes ficaron na casa o 9M. Por qué?. O seu caso non é exactamente igual ca o de IU, que pasa voto ao PSOE. ERC pasa algo ao PSOE, pero tamén a CIU,

amais de quedarse na casa moitos dos seus votantes. Deberían preguntarlles por qué. Esa contestación interésanos a todos.

Esquerda Unida (IU) foi a principal vítima do que o seu propio coordinador chamou *Tsunami*, o furacán e o terremoto do medo ao PP, esa liña de defensa construída por o electorado a medida que o PP amosaba ganas e feitura de poder gañar. As situacións de emerxencia non fan distincións nin matizacións, e así o entendeu o electorado. Pensar que iso débese á pouca eficiencia de Llamazares é unha obvia bobada. A distinción entre IU e o PSOE é moito menor que a distinción entre IU e unha forza nacionalista, poño por caso. É unha distinción de tempos e prioridades, pero cando a prioridade e o tempo visten a cara que vestiu o PP nestes últimos anos, disólvense os matices. Hai un sitio á esquerda do PSOE no ámbito do estado? Non é doado responder a esa pregunta, e habería que debater moito. O que é claro é que os vellos dinosaurios levarían a IU a un desastre completo e definitivo. Agárdanlle a IU malos días e peores perspectivas, pero con intelixencia e sentido da realidade sairán desta, pero non semella doado.

### ***Os electores, as enquisas***

As enquisas, que non están feitas para adiviñar o futuro, apenas para describir o presente, foron as adiantadas do que pasou o 9M e nos deixaron boas pistas do que ía ser a votación. Quizais non foron moi alá os seus intérpretes no que se refire á participación, que parecía ser máis baixa da que foi finalmente. As enquisas nos adiantaron certas transferencias de voto e certo estado de mobilización, e déronlle ao electorado de esquerda e parte do de centro a información suficiente para exercer o seu voto sen caer na tentación abstencionista, ao tempo que moveron ao electorado do PP a facer un esforzo de participación ben grande en Madrid, Murcia e Valencia, sobre todo. O electorado do PP entrou de cheo nestas eleccións, e pola cara de Rajoy no balcón de Génova, nalgún momento o PP chegou a crer que gañaba. Era ben difícil, pero

non imposible se o esforzo participativo do PP non era respondido con esforzo semellante dende a esquerda. E así foi. O PSOE precisou de toda a súa xente e algunha máis para parar a un PP que non ampliou a súa zona de influencia de voto, pero que acrecentou o voto na zona que xa tiña.